Conclúe o informe indicando que o EIIP considérase completo e axustado ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG. O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual dos aerogeneradores, que pola súa forma e altura serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante o tempo no que estean instalados os aerogeneradores, e se verá incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutro parque eólico na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual caben destacar os núcleos máis próximos, os miradoiros e as AEIP. Esta incidencia visual, aínda que non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos de poboación, non supón un impacto crítico.

En data 13.06.2022 o promotor emite un escrito de resposta e acepta o contido do informe, e posteriormente, en data 05.09.2022 o promotor presenta un novo escrito de resposta con achega dun novo EIIP.

En data 28.10.2022 o Instituto de Estudos do Territorio emite un novo informe no que indica que o contido do novo EIIP, agás a actualización da posición do aerogenerador mencionado, non difire substancialmente do que fora sometido a informe anteriormente.

O desprazamento da máquina CU-01, uns 85 metros ao noroeste, así como o cambio na orientación das plataformas auxiliares, non supoñen unha modificación substancial do proxecto, polo que, respecto aos impactos sobre a paisaxe, cómpre remitirse ao informe mencionado anteriormente.





En canto as medidas previstas no EIIP poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar os impactos sobre a paisaxe.

Conclúe indicando que o EIIP considérase completo e axustado ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

Como xa se tiña indicado nos informes anteriores, en especial no emitido con data do 30/05/2022, o principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual dos aeroxeradores, que pola súa forma e altura serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante o tempo no que estean instalados os aeroxeradores, e se verá incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual caben destacar os núcleos máis próximos, os miradoiros e as AEIP. Esta incidencia visual, aínda que non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos de poboación, non supón un impacto crítico. En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto

Posteriormente, en data 02.11.2022 o promotor presenta un novo escrito no que sinala que no referente ao contido do informe, mostra a conformidade co indicado e acepta o contido do mesmo e considera o documento válido como definitivo.

A **Dirección Xeral de Saúde Pública** expón que o seu informe de 10.06.2022 realizouse avaliando se na documentación achegada se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente con posible repercusión sobre a saúde humana. E para iso recolle as observacións en relación cos seguintes puntos: caracterización da poboación en situación de risco, determinación dos potenciais perigos, identificación das posibles vías de exposición, avaliación da necesidade de medición da exposición e do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.

Engade que é importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso debe existir unha vía de exposición completa. Ademais, o proxecto é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante a fase de construción, explotación e posterior desmantelamento no seu caso. Polo que de cumprirse os padróns establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

Por tanto, e tras desenvolver as cuestións anteriores, conclúe que o informe se realiza exclusivamente sobre a documentación remitida, avaliando se no estudo se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

Da análise da documentación achegada, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais, conclúese que non se recolle información ou esta é insuficiente sobre os seguintes aspectos que poden ter repercusións sobre a saúde da poboación, e que estiman necesario se acheguen para a súa consideración por este organismo:

- Non se fai un estudo tendo en conta os posibles efectos acumulativos ou sinérxicos en relación a outros parques da contorna con respecto ao estudo acústico e ao efecto de parpadeo de sombras.
- Non fai referencia a orixe ou fonte utilizada para que os resultados obtidos a través da simulación informática (programa SISEMFIELD V0.0) sexan corroborados polas medicións e mostras de campo magnético realizadas en outras instalacións de características semellantes ou en funcionamento por todo o territorio nacional.
- Respecto o parpadeo de sombras naquelas vivendas que superen os limiares deberá incorporar medidas protectoras na fase de explotación do parque independentemente das medidas de mitigación que puideran ser necesarias na fase de mantemento.
- Non se indica a disposición de fichas de seguridade de todos os materiais perigosos empregados.
- Non fai referencia ó emprego de outros produtos perigosos que poden ser empregados nas instalacións e mantemento das mesmas, a súa xestión ou a súa eliminación:
 - Biocidas, no caso da súa utilización deberá cumprirse a normativa vixente referente á comercialización e emprego dos mesmos.
 - Fitosanitarios (herbicidas), no caso de que non existira outra alternativa que xustifique o emprego dos mesmos, deberá cumprirse a normativa vixente referente á comercialización e emprego destes.
- Non se indica que dispoñen dun sistema integrado de control específico no caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de construción ou operación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores.





O promotor contesta ao dito informe cun escrito do 06.07.2022 no que fai achega de nova documentación. Neste último documento de resposta sinalan que dado o contido do informe emitido pola Dirección Xeral de Saúde Pública procedeuse a desenvolver unha nova versión do anexo do Estudo de Impacto Ambiental do PE Cunca denominado "Estudo de afeccións á saúde pública", co fin de aclarar aqueles puntos que o servizo de sanidade ambiental expuxo. Indica que no EsiA definitivo veranse implementadas todas as cuestións recollidas no documento de resposta á DXSP e engadiranse as novas versións dos anexos achegados. En virtude de todo o exposto, amosan a conformidade e aceptan o contido do informe.

A Dirección Xeral de Saúde Pública emite un novo informe en data 21.07.2022 no que indica que vista a documentación remitida polo promotor en contestación ao informe previo, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos os requirimentos feitos no informe previo, facéndose constar que no referente ás medidas correctoras para o efecto parpadeo, nas que se indican a colocación de barreiras naturais, así como muros e pantallas para os receptores que superen os limiares establecidos, deberá plantexarse tamén entre estas medidas a programación da parada técnica temporal, para asegurar a ausencia de efectos negativos sobre a saúde da poboación.

O promotor contesta ao dito informe cun escrito do 19.08.2022 no que amosa a súa conformidade coa inclusión dun programa de de "parada técnica temporal", daqueles aeroxeradores que afecten aos receptores que superen os limiares establecidos, en franxas horarias nas que se dean as condicións climatolóxicas propicias para producirse o efecto parpadeo, e non sexan efectivas as outras medidas propostas.

A Dirección Xeral de Saúde Pública emite un novo informe en data 30.11.2022 no que indica que vista a documentación remitida polo promotor en contestación ao informe previo, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros departamentos e organismos na materia, púxose de manifesto que a información respecto as medidas correctoras para o efecto parpadeo de sombras, e tendo en conta os datos obtidos no estudo de modelización nos que algúns receptores superan en máis do dobre os valores límites establecidos para este efecto, non se inclúe como medida a programación da parada técnica temporal, para asegurar a ausencia de efectos negativos sobre a saúde da poboación, nos casos nos que se superan os limiares avaliados.

Tendo en conta o anterior, procede a emisión dun informe favorable condicionado á presentación, con carácter previo ao inicio das obras, das medidas correctoras para o efecto parpadeo de sombras proposta neste informe. No caso de que a documentación e información relativa aos citados aspectos non se presentase no prazo indicado ou, presentada en prazo, entenderase que o estudo non cumpre cos requisitos desde o punto de vista sanitario.

A Axencia Turismo de Galicia emite un informe o 13.12.2021 no que indica que segundo o Estudo de Impacto Turístico tras analizar todos os posibles impactos que puidese xerar, o proxecto produce un impacto global significativo nas fases construtivas e da explotación.

Dado o alcance das actuacións que se pretenden facer e segundo o estudo de impacto turístico achegado como documentación complementaria pódese concluír que o impacto que terá o parque no turismo rural local así como na súa contorna é moi significativo pola proximidade ós establecementos, non só en relación na propia instalación dos aeroxeradores senón da súas instalacións auxiliares que modificaran seriamente o entorno do cal se benefician ditos establecementos o cal deberán ser atenuado polas medidas compensatorias e correctivas a incluír na DIA.

O promotor contesta ao dito informe cun escrito do 05.01.2022, e posteriormente, o 08.09.2022 achega un novo escrito con aporte de nova documentación.

A Axencia Turismo de Galicia emite un novo informe o 11.11.2022 no que indica que se deduce que o proxecto produce un impacto global significativo nas fases construtivas e da explotación, polo que, coa consideración das medidas preventivas e correctoras que deben activarse na posta en marcha do Programa de Vixilancia Ambiental, hai que sinalar que a fase de construción pode ser considerada significativa no aspecto turístico pola existencia de maquinaria na contorna das obras nun breve período de tempo; e na fase de explotación, considérase significativa debido ás emisións sonoras e impacto visual.

Como elemento máis daniño para o turismo rural considérase o ruído provocado polo funcionamento dos aeroxeradores, que aumenta coa velocidade do vento. Para elo os procedementos de avaliación adecuados para o control do ruído deberá axustarse aos valores límite de admisión establecidos nos artigos 23 e 24 e 25 do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

Conclúe indicando que as afeccións á explotacións de parques eólicos que poidan desvirtuar ou alterar o entorno da súa localización, modificando claramente a súa orixinalidade tanto na características que o definen como nos intereses





turísticos particulares e xerais creados no entorno, é importante ter presente tamén criterios concretos nalgún dos casos imposibles de salvar que serán respectados no cumprimento da normativa turística aprobada e tidos en conta e que tratan de fomentar non só os aspectos económicos da nosa Comunidade Autónoma senón tamén protexer a súa entidade como rexión histórica e diferenciada das demais, foco dun turismo diferenciado.

Dado o alcance das actuacións que pretendese facer e segundo o estudo de impacto turístico achegado como documentación complementaria pódese concluír que o impacto que terá o parque Eólico Cunca no turismo rural local así como na súa contorna é moi significativo pola proximidade ós establecementos, non só en relación na propia instalación dos aeroxeneradores senón da súas instalacións auxiliares que modificaran seriamente o entorno do cal se benefician ditos establecementos o cal deberán ser atenuado polas medidas compensatorias e correctivas a incluír na Declaración de Impacto Ambiental.

Así mesmo e tendo presente as medidas compensatorias planxeadas, mencionar que a posta en valor e dinamización da zona non varía o grao de afección do parque e instalacións derivadas do mesmo. De tal xeito que sendo favorable a realización das medidas propostas o grao de afección da instalación sobre o entorno dadas as características especiais do mesmo, non varía.

O 28.11.2022 o presentou escrito de aceptación do contido do informe.

Augas de Galicia, logo de efectuar unha posta en antecedentes e citar a lexislación de aplicación, continúa o seu informe de 13.05.2021 cunha análise do contido do EslA para informar favorablemente:

Condições particulares: Para os traballos a realizar, indicados no documento obxecto de informe, que se desenvolvan dentro do territorio Galicia Costa, en zona de Servidume, así como os movementos de terras previstos, disporase de barreiras de retención de sedimentos e entre estas e os leitos dos ríos disporase un pano de xeotextil chantado ao terreo. Revisaranse periodicamente para repoñelas no caso de deterioro.

Prohíbese acumular substancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do Dominio Público Hidráulico e/ou de degradación do seu entorno.

Prohíbese o vertido directo ou indirecto de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do Dominio Público Hidráulico sen a correspondente autorización de vertido. Deberase obter a preceptiva autorización para calquera novo punto de vertido á canle que puidera producir contaminación do Dominio Público Hidráulico segundo o art. 245 do RDPH, relativo ás autorizacións de vertidos directos e indirectos.

Débense adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito de maquinaria evitando a erosión e posible arrastre de materiais ata os leitos.

Durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

Para o caso de execución dos alicerces e das gabias haberase de considerar non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

No caso da execución dos camiños de servizo, explanación de vellos camiños ou calquera obra de movemento de terras, en zona de Policía, a empresa adxudicataria das obras deberá solicitar a correspondente autorización de obras.

Rematadas as obras, en tódalas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria en zona de Policía) procederase á súa rehabilitación ata conseguir a reposición dos terreos ao estado primitivo.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado e presentarase certificado deste traslado ao remate das obras. Do mesmo xeito haberase de solicitar autorización para a extracción de prestamos en zona de Policía de leitos.

Conclusión: Vista a documentación aportada en relación ao proxecto do Parque Eólico Cunca no relativo aos aspectos sobre os que se solicita informe, conclúese que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental presentado e as consideracións a tal efecto referidas no presente informe.

Durante os procesos de execución dos traballos de desenvolvemento e implantación da actuación proposta, de cara a non afección ao Dominio Público Hidráulico, deberán contemplarse as directrices sinaladas no presente informe, así como as indicadas nos documentos sometidos a informe.

Cómpre indicar que o informe emítese estritamente dende o punto de vista das competencias deste organismo de conca, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo, e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.





O promotor contesta ao dito informe en data 23.06.2021.

En data 09.09.2022 o promotor presenta unha resposta adicional mediante a cal se pretende informar da configuración definitiva do parque eólico tras a información pública para os efectos oportunos.

Augas de Galicia emite en data 28.09.2022 unha comunicación de resposta á contestación adicional presentada polo promotor onde mostra a súa conformidade coas modificacións presentadas polo promotor, sempre que se integren na documentación do Proxecto de Interese Autonómico, Estudo de Impacto Ambiental e Separata técnica do proxecto:

En data 13.10.2022 emite un escrito de resposta no que expresa que compre indicar que nos documentos definitivos presentados ante a Xefatura Territorial (proxecto de execución - 22.06.2022, segundo rexistro de entrada 2022/1640324 EsIA e PIA definitivos - 15.07.2022, segundo rexistro de entrada 2022/1864181), xa está integrada a configuración do PE Cunca recollida na resposta adicional enviada a Augas de Galicia o 09.09.2022. No referente ao contido do informe, mostra a conformidade co indicado e acepta o seu contido.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, emite un informe en data 12.04.2021 en relación coa avaliación dos efectos derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou catástrofes no que indican que se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, todo elo sen prexuízo de que, si puidera estar afectado este proxecto polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o correspondente plan, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

En virtude do antedito, o promotor manifesta a aceptación do contido do informe.

A Sociedade Galega de Historia Natural emite informe de data 21.04.2021 no que solicita:

1. Que o estudo de impacto ambiental avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre:

a) Hábitat de conservación prioritaria na UE (DC92/43/CEE) e, consecuentemente, adapte o proxecto para evitalos totalmente, pois non existen razóns imperiosas de interese público de primeira orde para que sexan afectados por un proxecto de parque eólico, así como sobre a rede Natura 2000 (ZECS e ZEPAS declaradas e propostas)

b) Hábitats de interese comunitario (DC92/43/CEE) e estude alternativas para minimizalos cando sexa técnica e é mentalmente posible

c) A paisaxe desde os miradoiros naturais, máis coñecidos e apreciados do contorno e tendo en conta a altura total real dos aeroxeradores (ata a punta das pas na súa posición máis elevada).

2. Que o estudo de impacto ambiental avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto, sobre todas as especies, incluídas no anexo I da Directiva Aves, na Directiva 92/43/CEE, no catálogo español de especies ameazadas (Real decreto 139/2011) e no catálogo galego de especies ameazadas (Decreto 88/2007) presentes na zona e contemple a adaptación do proxecto para evitalas totalmente en caso de especies, de interese comunitario e ou en perigo de extinción, pois non existen razóns imperiosas de interese público de primeiro orde (artígo 6 da DC 92/43/CEE, artigo 45 da Lei estatal 42/2007) para que sexan afectados por un proxecto de parque eólico, ou para mitígalas no caso das restantes especies catalogadas. Ademais, no caso de especies catalogadas, vulnerables ou en perigo de extinción, o EIA debería:

a) Adaptar o trazado dos viais e emprazamento dos aeroxeradores para evitar afeccións á flora

b) Avaliar alternativas e medidas correctoras para minimizar a mortalidade de anfíbios, réptiles e micromamíferos nos viais de acceso para atropelos e atrapamentos en gabias, taxear, pasos canadienses, etc.

c) Avaliar alternativas e medidas correctoras para minimizar a mortalidade de aves e morcegos por impacto dos aeroxeradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats no contorno do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.

d) Contemplar a inclusión de todas as medidas preventivas e correctoras recomendadas para os hábitats esenciais, (lugares de alimentación, cría, dispersión, muda, descanso, parada migratoria, e invernada) nos plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados ou en elaboración, a Xunta de Galicia, de acordo con o previsto nos artigos 15 e 16 do decreto 88/2007.

3. Que o estudo de impacto ambiental avalíe a mortalidade de anfíbios, réptiles, aves e mamíferos, nos viais de acceso (atropelo e atrapamento, en gabias, taxear, pasos canadienses, etc.), e nas liñas de evacuación e a adopción de medidas eficaces para mitígalas.





4. Que o estudo de importe ambiental avalía os impactos acumulativos e sinérxicos cos outros parques eólicos, (autorizados ou proxectados, incluídas as repotenciacións), así como das restantes infraestruturas asociadas, tendidos eléctricos, subestacións, pistas de acceso, etc. nun radio de 10-15 km.

5. Que se esixa ao promotor do proxecto o cumprimento da recomendacións de SEO/BirdLife e da sociedade española para a conservación e estudo dos morcegos para reducir o impacto do parte parque eólico sobre as poboacións de aves e de quirópteros:

- a) Evitar a instalación de aeroxeradores, a menos de 200 m de distancia a hábitats de risco: formacións boscosas naturais, cursos e masas de auga, crestas e collados entre montañas
- b) Evitar a instalación de aeroxeradores, a menos de 2 km de distancia, de refuxios, de interese, rexional, nacional ou internacional para a conservación dos quirópteros.
- c) Reducir a atracción que exercen sobre as aves, (e indirectamente os quirópteros, pola atracción de insectos), as balizas para seguridade aérea, situadas na parte superior dos aeroxeradores, instalando modelos que non emiten luz de modo continuo, senón intermitente e coa menor duración posible dos intervalos de aceso.
- d) Evitar a instalación de parques eólicos nas zonas con máis de 20 días/ano de néboa, pois as condicións de baixa visibilidade, (menos de 200 m en horizontal), están asociadas co risco de colisión das aves.
- e) Incrementar a visibilidade das hélices polas aves, pintándoas con pintura distintiva ou UV.
- f) Instalar modelos de aeroxeradores que funcionen con menor velocidade de rotación.
- g) Deter a actividade das turbinas en caso de condicións que agravan o risco de mortalidade por colisión: meteoroloxía adversa e noites con paso migratorio importante.
- h) Establecer o arranque dos aeroxeradores a velocidade de vento maiores de 5-6 m/s nos períodos de maior mortalidade de morcegos (primeiras horas da noite e meses de xullo a outubro), pois permite reducir en máis dun 50 %, a mortalidade de morcegos cunha perda de produción enerxética de apenas un 1 % anual.
- i) Instalar sistemas de detección remota de aves e morcegos en tempo real, que activen automaticamente o sistema de alerta e parada dos aeroxeradores cando hai aves ou morcegos presentes dentro da zona de risco de colisión.

6. Que se esixa ao promotor do proxecto, a implementación dun programa de vixilancia ambiental, rigoroso que contemple:

- a) Realizar un seguimento da mortalidade de aves e morcegos por persoal cualificado con utilización de cans adestrados (As simples, inspeccións oculares teñen escasa fiabilidade), cunha periodicidade adecuada, (quincenal, no inverno, semanal na primavera e outono, e cada dous días no verán) durante un ano antes de autorizar as obras de construción do parque eólico, e polo menos durante tres anos, despois da súa entrada en funcionamento, complementados con estudos de control ao cabo de 5, 10, e 15 anos.
- b) Realizar ensaios de detección de cadáveres polos observadores e de taxa de desaparición dos mesmos, en función da climatoloxía e do consumo, por especies carroñeras, para poder estimar a mortalidade real a partir da mortalidade detectada.
- c) Avaliar o impacto de de o parque eólico por perda ou deterioro de hábitats e molestias á fauna de aves e quirópteros. Como zona de control debe establecerse unha área con vexetación e estrutura de paisaxe semellante, situada polo menos a 500 m dos aeroxeradores

O promotor emite un escrito de resposta a este organismo con data 03.09.2021.

O Concello de Vila de Cruces, emite informe no que realiza as seguintes consideracións en relación coas posibles afeccións ambientais producidas polo proxecto:

- Recursos hídricos e vulneración da Directiva Marco da Auga.
- Afección aos espazos naturais con grandes valores paisaxísticos e incluídos en Rede Natura 2000.
- Incremento do feísmo paisaxístico
- Afeccións ao patrimonio cultural
- Afeccións a Hábitats da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
- Afección moi severa e incompatible coa avifauna.
- Falla de avaliación do posible éxodo poboacional e o despoboamento do rural.

Neste escrito solicita o rexeitamento do EsIA e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licencia social.





A maiores consta o informe técnico de data 18.05.2021 sobre alegacións.

O 09.07.2021 e o 16.09.2021 o promotor deu contestación ás alegacións referidas indicando, entre outras cuestións que, se remite ao exposto no Estudo de Impacto Ambiental e nas medidas protectoras e correctoras recollidas no mesmo

Consta **Informe a Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería De Economía, Industria e Innovación** que recolle un resumo dos datos do expediente administrativo referidos a esa data e sinala a relación dos organismos consultados, o resultado das ditas consultas, as alegacións recibidas co seu contido e as respostas do promotor.

■ No tocante as alegacións con contido ambiental, no expediente, tal e como se inclúe neste informe, durante o período de información pública constan un total de 3.800 alegacións entres as que se inclúen tanto as 3.791 de particulares, como as 9 presentadas por organizacións e/ou asociacións.

Unha parte do contido das alegacións recibidas durante a tramitación non reviste carácter ambiental, referíndose a cuestións alleas ao ámbito competencial do órgano ambiental (Plan sectorial eólico, afeccións económicas, etcétera). No que se refire exclusivamente aos aspectos ambientais (impacto ambiental en xeral), e sen prexuízo das aclaracións ou informacións achegadas polo promotor nas súas respostas ás ditas alegacións, estas refírense a cuestións que son tidas en conta polos correspondentes órganos competentes e recollidas neste mesmo apartado da DIA. Estas, en síntese, refírense a:

- Vulneración da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.
- Afección severa aos recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva marco da auga (DMA). Ausencia do estudo hidrolóxico e hidroxeolóxico que garanta a non afección aos acuíferos e a calidade das masas de auga tanto superficiais como soterradas.
- Afección moi severa a espazos naturais e Rede Natura 2000
- Afección moi severa a Hábitats da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.
- Afección moi severa e incompatible coa avifauna *Circus pygargus* *Circus cyaneus* *Rhinolophus ferrumequinum* *Myotis* e outras moitas especies dada a proximidade da Rede Naturais.
- Afección paisaxística moi severa e incompatible co parque eólico. Incremento do feísmo paisaxístico e a súa especial incidencia no Camiño de Santiago
- Afección severa ao patrimonio cultural. Con respecto ao patrimonio histórico cultural, destaca a presenza do Camiño de Santiago, Camiño de Inverno na contorna na do parque.
- Carencia ou falta de xustificación do interese público e/ou a utilidade social do proxecto.
- Afección moi severa ás familias que viven nos núcleos poboacionais afectados.
- Falta de avaliación do posible éxodo poboacional e o despoboamento rural como consecuencia da implantación masiva de parques eólicos.
- Fragmentación, aos efectos da avaliación ambiental, das infraestruturas compartidas con outros proxectos industriais.
- Necesidade de que a avaliación ambiental abranga a totalidade das infraestruturas do parque, incluída a liña de evacuación,
- Falla de avaliación dos impactos ambientais globais sumativos e acumulados dos parques eólicos da contorna e outras infraestruturas como liñas de evacuación, estradas, camiños, viais...
- Fragmentación moi severa do territorio, da paisaxe, dos hábitats e perda de biodiversidade.
- Efectos acumulativos (aditivos, sumativos e globais) sen avaliar.
- Patrimonio Cultural inmaterial sen avaliar.
- Incompatibilidade do proxecto dende o punto de vista urbanístico toda vez que a promotora pretende unha recalificación urbanística non amparada legalmente en relación ao solo rústico de protección forestal, solo rústico de protección de leitos, solo rústico de protección paisaxística e solo rústico de protección de espazos naturais.
- Imposibilidade de eliminar ou degradar os hábitats naturais e interese comunitario.

2.3. Efectos sinérxicos e acumulativos

O IET sinala que a incidencia visual é alta sobre os núcleos de Orza, Cortizada, Valboa, Abealla, Cerdeiras, Covas, sobre as igrexas de Fontao e de Santa María de Merza, e sobre os miradoiros da Valiña, Monte das Covas, Fervenza da Toxa e Coto da Madalena. Neste último, a infografía dos efectos sinérxicos delatan un grado de saturación das panorámicas do miradoiro moi alto.





Igualmente cualifica o efecto sinérxico doutros parques como positivo para a introdución de elementos (aeroxeradores) que non resulten novos na paisaxe, obviando o efecto de fatiga e saturación nas panorámicas máis amplas.

No seu último informe que O EIIP considérase completo e axustado ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

Como xa se tiña indicado nos informes anteriores, en especial no emitido con data do 30/05/2022, o principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual dos aeroxeradores, que pola súa forma e altura serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante o tempo no que estean instalados os aeroxeradores, e se verá incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual caben destacar os núcleos máis próximos, os miradoiros e as AEIP. Esta incidencia visual, aínda que non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos de poboación, non supón un impacto crítico.

A Dirección Xeral de Saúde Pública indica no seu informe que non se presenta unha avaliación dos posibles efectos sinérxicos ou acumulativos doutros parques eólicos en trámite ou en funcionamento na contorna.

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural, no seu informe complementario sobre efectos sinérxicos no marco da avaliación ambiental indica que:

Co fin de analizar estes efectos, calculouse por esta dirección xeral, como primeiro paso, o espazo afectado polos aeroxeradores dentro do ADE e as ADE veciñas, considerando que a área afectada por cada aeroxerador esténdese en 1 km á redonda de cada posición (tomando esta distancia en base ao menor radio das áreas de campeo dos rapaces presentes na zona, tomadas de Atienza, J.C., I. Martín Fierro, O. Infante, J. Valls y J. Domínguez. 2011. Directrices para la evaluación del impacto de los parques eólicos en aves y murciélagos (versión 3.0). SEO/BirdLife, Madrid). Consideráronse tanto as máquinas en funcionamento ou aprobadas como as dos proxectos con fito en xaneiro de 2023.

O proxecto analizado sitúase nunha contorna onde se considera que o aumento de densidade de aeroxeradores non producirá efectos sinérxicos incompatibles.

Conclusións: Á vista dos antecedentes e da análise e valoración realizada sobre os posibles efectos acumulativos e/ou sinérxicos do parque eólico Cunca, infórmase que o presente proxecto non provoca efectos sinérxicos incompatibles no ámbito das nosas competencias.

O Concello de Vila de Cruces sinala en relación cos efectos sinérxicos con outros parques eólicos próximos en fase de explotación ou pendentes de construción, que na fase de consultas sobre o alcance do contido do estudo de impacto ambiental xa se sinala a necesidade de avaliar os efectos sinérxicos cos parques eólicos de Axóuxere e Mesada (situados en dirección norte a menos de 2,5 km de distancia) e o parque de Rodeira (situado ao sur na distancia de 1,0 km). A proximidade destes últimos fai que o impacto visual conxunto se multiplique. O estudo de impacto ambiental non contempla os posibles efectos resultado da suma destes parques tanto no aspecto visual como o de ruído ambiental. E igualmente, deberá terse en conta as infraestruturas compartidas con estes outros proxectos industriais.

A Sociedade Galega de Historia Natural solicita no seu informe que o EIA avalíe os impactos acumulativos e sinérxicos cos outros parques eólicos (autorizados ou proxectados, incluídas as repotenciacións), así como das restantes infraestruturas asociadas (tendidos eléctricos, subestacións, pistas de acceso, etc.), nun radio de 10-15 km.

Pola súa banda, o Anexo X do EsIA denomínase "*Estudo de efectos acumulativos*" e ten por obxecto analizar os posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos) sobre os compoñentes do medio susceptibles de sufrir estes impactos:

O ámbito territorial considerado é de 15 km, co obxectivo de realizar unha análise adecuada dos elementos do medio considerados por proximidade física; en concreto, utilízase un radio de ata 15 km co obxectivo de abarcar os posibles impactos xerados na paisaxe con outras infraestruturas existentes como os parques eólicos.

Tras realizar a súa análise, conclúe que os elementos do medio máis susceptibles de sufrir impactos con efectos acumulativos aditivos e/ou sinérxicos son a avifauna e quirópteros, a paisaxe e o ruído ambiental.

Respecto ao impacto paisaxístico, aínda que é certo que provocarán un potencial impacto sobre a paisaxe, tamén cabe resaltar a presenza doutros proxectos da mesma índole na zona axudará a mitigar os efectos que supón a implantación dun novo parque eólico.





A detección de posibles efectos acumulativos sobre a avifauna e unicamente pode ser realizada mediante a análise conxunta dos resultados obtidos tras a aplicación dos correspondentes plans de vixilancia individual de cada infraestrutura, tendo en conta a incorporación de novas infraestruturas ao longo do tempo. O estudo debe determinar se se producen cambios significativos nos parámetros de referencia que puidesen ser debidos a estas novas incorporacións.

Tentarase na medida do posible obter os datos dos parques eólicos próximos á zona do parque eólico Cunca, para realizar a avaliación dos posibles efectos acumulativos e/ou sinérxicos do conxunto en relación tanto para a avifauna e quirópteros como para o ruído.

Respecto ao resto de factores considerados, como calidade acústica e o medio socioeconómico, non se considera que se vexan afectados de forma significativa, aínda que estes ven paliados coas medidas previstas no EIA do proxecto considerado.

Unha vez efectuado o estudo ambiental de sinerxías para o parque eólico Cunca tendo en conta outras infraestruturas da mesma índole presentes na zona, pódese concluír que, aínda que a construción destas novas infraestruturas na zona obxecto de estudo poida producir potenciais efectos acumulativos sobre algúns dos elementos do medio, estes efectos considéranse compatibles coa contorna.

En todo caso, realizarase o seguimento da posible aparición destes efectos durante todas as fases dos proxectos con obxecto de poder adoptar as medidas correctoras oportunas no caso de detectarse a súa aparición.

3. ÁMBITO DA DIA

Unha vez efectuada a análise do expediente, cabe indicar que o proxecto do parque eólico Cunca consiste na instalación e explotación dun parque eólico de 22,5 MW de potencia total no concello de Vila de Cruces (Pontevedra) e composto por 5 aerogeradores de 4,5 MW de potencia nominal unitaria, que se localizarán dentro do polígono definido polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29):

Vértice poligonal	X UTM (H29 ETRS89)	Y UTM (H29 ETRS89)
P1	559.875,08	4.738.975,00
P2	559.875,08	4.735.286,49
P3	565.875,08	4.737.286,00
P4	565.875,08	4.738.975,00

4. CONDICIÓN AMBIENTAIS

4.1. Condicións particulares

1. Considerando o exposto no apartado 2. *Tramitación e análise do expediente*, establécese como condicionado particular para o desenvolvemento do proxecto o cumprimento do contido dos informes que constan no expediente, ademais do recollido no EslA, nas súas addendas e na restante documentación avaliada, tendo en conta que as condicións ou medidas dos informes prevalecerán fronte as do estudo ambiental ou a restante documentación no caso de contradición entre elas e que, en todo caso, calquera condición desta DIA prevalece fronte ás anteriores.

2. Segundo o informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, o promotor deberá elaborar unha proposta detallada referente ás medidas adicionais sinaladas nos seus informes para garantir a minimización do impacto por colisión en aves (pintado das aspas dos aerogeradores de acordo cos criterios establecidos pola antedita dirección xeral e uso de tecnoloxías de redución do impacto por colisión), así como ás actuacións a desenvolver no marco do programa de vixilancia ambiental para verificar a eficacia das ditas medidas.

O promotor tamén deberá responder ao indicado nos correspondentes informes emitidos pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Os documentos que elabore o promotor para dar cumprimento ao anterior deberán contar, previamente ao inicio das obras, co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

O órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, exclusivamente para a súa constancia no expediente, unha copia do dito informe e da documentación na que se basee, de acordo co requirido na condición 4.3.3 da DIA.

3. Previamente ao inicio das obras deberase obter informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.





O órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, exclusivamente para a súa constancia no expediente, unha copia do dito informe e da documentación na que se basee, de acordo co requirido na condición 4.3.3 da DIA.

4. Respecto ao informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural establécense os seguintes condicionantes: os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo o control e seguimento arqueolóxico, os contornos de protección dos elementos catalogados deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada como de zonas de amoreamento de materiais e certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.

5. En canto á posible afección do proxecto sobre a poboación e a saúde humana en relación co efecto *parpadeo de sombras* (*shadow flicker*) durante a fase de funcionamento do parque, nos potenciais receptores non se poderán superar os limiares de exposición que en cada momento estableza a autoridade competente ou normas que o regulen, téndose que adoptar as medidas mitigadoras oportunas (por exemplo, instalación de barreiras ou pantallas) ou programar paradas temporais dos aeroxeradores implicados no caso de que se supere o limiar recomendado.

Neste sentido, levarase a cabo un seguimento da posible incidencia deste efecto sobre os receptores considerados, recollendo os seus resultados nos informes do programa de vixilancia ambiental segundo se indica no punto 5.3 da DIA.

6. Tendo en conta o punto anterior, previamente ao inicio das obras, deberase obter informe favorable da Dirección Xeral de Saúde Pública sobre as medidas correctoras para o efecto parpadeo de sombras.

O órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, exclusivamente para a súa constancia no expediente, unha copia do dito informe e da documentación na que se basee, de acordo co requirido na condición 4.3.3 da DIA.

7. O promotor deberá depositar un aval para garantir o cumprimento das medidas correctoras e responder da reparación dos posibles danos que se lle poidan causar ao medio ambiente e do custo da restauración, conforme o disposto no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

Proponse como importe do aval, que será actualizable e deberá fixar o órgano substantivo, a cantidade de 367.310,14 euros, dos cales 157.418,63 corresponden á fase de obras e 209.891,51 á fase de desmantelamento e abandono do parque eólico.

Para a cancelación do dito aval será preciso o informe favorable do órgano ambiental, logo do levantamento dunha acta de comprobación pola inspección ambiental conforme establece o referido Decreto 455/1996.

A solicitude de cancelación realizarase a través do órgano substantivo, e só se poderá efectuar unha vez estean totalmente rematados os labores de restauración e integración paisaxística e logo de que o promotor acredite, mediante os informes do programa de vixilancia ambiental e calquera outra documentación que se considere oportuna de ser o caso, a suficiencia e o éxito dos traballos efectuados, tanto os referentes á restauración (coa vexetación debidamente implantada) como ás demais actuacións relacionadas coa imposición do aval ambiental.

4.2. Condicións xerais

Ademais do condicionado establecido no punto anterior, ao proxecto seranlle de aplicación, segundo proceda, as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as anteriormente indicadas:

4.2.1 Protección da atmosfera

1. Co fin de minimizar a emisión de po durante a fase de obras, nos períodos de seca procederase á rega dos vieiros e das superficies onde se estean a realizar escavacións ou movementos de terras. Ao comezo das obras deberán terse dispostos na zona os medios necesarios para tal fin.

2. Os camiións que transporten terras ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos con lonas ou dispositivo similar. Así mesmo procederase, no caso de ser necesario, ao lavado das rodas dos camiións á saída da zona de obras.





3. Os niveis de presión sonora debidos á construción e funcionamento do parque deberán cumprir coa normativa vixente, tendo en conta que no caso de que se superen os límites legalmente establecidos teranse que adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas (emprego de mantas de goma durante as voaduras, incremento do illamento dos equipos, correcto mantemento das instalacións, pantallas de illamento acústico, etc).

Para tal fin, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque o promotor levará cabo un plan de seguimento do nivel de ruído ao abeiro do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia de desenvolvemento da normativa básica estatal en materia de ruído, por unha entidade acreditada polo organismo nacional de acreditación (ENAC) como laboratorio de ensaios acústicos ou como entidade acreditada, en ambos casos, no ámbito do ruído ambiental, tendo en conta os aspectos que se indican no punto 5.2 desta DIA.

4.2.2 Protección das augas e leitos fluviais

1. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na zona de servidume e policía de leitos, incluíndo zonas de fluxo preferente e zonas asolagables así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisarán da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, que deberá ser solicitada e obtida polo promotor previamente ao inicio das obras.

En calquera caso, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril), así como na Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia e, no que sexa aplicable, o Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, e demais normativa que resulte de aplicación, entre ela as disposicións normativas dos plans hidrolóxicos.

2. En calquera zona onde poida existir risco de desencadeamento de procesos erosivos, de incorporación de sólidos ás augas e/ou de modificación do réxime hídrico, extremaranse as precaucións na execución e control das obras e na adopción das medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental que figuren na documentación avaliada, así como as que se deriven desta DIA e calquera outra que resulte necesaria para a preservación do dominio público hidráulico e a calidade das súas augas.

Neste sentido, conforme avance a obra procederase a estabilizar os noiros de desmonte e/ou terraplén que se xeren, co obxecto de previr fenómenos erosivos e a incorporación de sólidos ás augas. Porase especial coidado na adopción das medidas fronte os arrastres e escorregamentos, tal e como se establece no punto 4.2.3.5 da DIA.

3. A calidade das augas manterase de xeito que, co motivo das obras, non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. Non está permitido o lavado de maquinaria e utillaxe nos cursos de auga nin en ningún outro elemento do dominio público hidráulico. Prohíbese a vertedura directa ou indirecta de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico sen a correspondente autorización de vertedura.

Para tal fin, tanto na fase de obras como ao final destas ata que se constate ausencia de afeccións, levarase a cabo un plan de control da calidade das augas.

4. Non se acumularán substancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do dominio público hidráulico e/ou degradación do seu contorno.

Polo que durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

5. Non se afectarán, ou de ser o caso terán que ser repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se poidan atopar na área de influencia das obras, téndose que garantir a compatibilidade da actuación cos usos preexistentes. De igual xeito, respectaranse as fontes e mananciais que puideran existir na zona.

